

**LV****>galicia****CARLOS FERNÁNDEZ**Presenta hoxe en Vigo un libro da súa autoría que invita a coñecer 50 lugares máxicos na nosa terra. **P7**

Pontevedra · Vigo · A Coruña · Santiago

**ESCUELA  
ESPS**  
Europea Parasaniaria**PRÁCTICAS Y BOLSA DE TRABAJO**  
TITULACIONES PROFESIONALES  
Central: 986 652 718

# de luns a venres

www.l-v.es

O gratuito galego

VENRES.30.09.2011 &gt; ANO.6 &gt; NÚMERO.1.062

O ÚLTIMO

## Detida en Xaén unha muller por matar os fillos de 3 e 11 anos

Logran salvar o bebé da embarazada á que matou a tiros nunha igrexa un home pouco antes de suicidarse **P19**

ESPAÑA

Un científico di que non hai indicios de que o wifi poida ser causa de doenzas **P9**

GALICIA

A ministra Chacón asiste á remuda de fragatas e aposta por continuar en Libia **P4**

ECONOMÍA


Susana Quintás, filla do ex titular da CECA, nova directora xeral do Banco Pastor **P11**

## >deportes

FÚTBOL

**LIGA EUROPA**  
O Bilbao vence e o Atlético de Madrid empata

otempo



# Air Berlin ve unha "aberración" investir en Peinador e Alvedro

> A aeroliña considera que se debe centralizar en **LAVACOLLA** a actividade  
 > Últimas probas na nova terminal de Santiago e cancelados voos en Vigo **P6**



**"Roubáronme ata a roupa interior"**. O ferrolán Manuel Bilbao (na foto de EFE, coa familia), primeiro oficial do *Matheos I*, secuestrado durante 11 días no golfo de Guinea, dixo que se sentía feliz de regresar a Canarias, onde vive. Hoxe chegarán os outros dous tripulantes galegos do barco raptado polos piratas. **P19**

O presidente da Xunta e todos os conselleiros van facer público o seu patrimonio

Darase a coñecer no DOG unha vez que os grupos se poñan de acordo no Hórreo **P3**

Manuel Fraga dará nome a unha rúa de Compostela malia a oposición dos nacionalistas

Conde Roa descúlpase por un incidente ao final dunha ópera **P3/6**



Barricadas e tres feridos en Ferrol na nova protesta dos mariscadores

Agreden un condutor de forma reiterada tras atopar co seu coche unha muller e alcanzar outra nun corte de tráfico **P4**

Unha atopada e o condutor. > tvG

www.espsformacion.com

**ESCUELA  
ESPS**  
Europea Parasaniaria

**ÚLTIMAS BECAS  
PARA DESEMPLEADOS  
DE A CORUÑA Y SANTIAGO**

**Titulaciones profesionales**

Quiromasaje	Fitoterapia
Balneoterapia	Naturopatía
Osteopatía	Reflexología
Masaje Tailandés	Digitopuntura
Ayurveda	Tui Na
Nutrición	Shiatsu

Central:  
**986 65 27 18**

Centros en Pontevedra - Vigo - A Coruña - Santiago

# De ruta pola Galicia máis insólita

> O libro '50 lugares mágicos de Galicia' invita a facer un percorrido, ben mediante a lectura ou en coche co GPS, por medio centenar de lugares marcados por lendas, crenzas e ritos

A.C.

Fontes, pedras, igrexas ou montes considerados sagrados son algúns dos enclaves que invita a coñecer Carlos Fernández na súa nova obra: *50 lugares mágicos de Galicia*, que hoxe presenta en Vigo (Casa do Libro, 20.00 horas) "Neles aínda se manteñen vivas lendas, ritos, crenzas e tradicións máxicas", explica o escritor.

O libro preséntase como unha guía turística alternativa coa que viaxar ao lado máis misterioso de Galicia, por moitos descoñecido.

Lugares onde, segundo a tradición, se produciron milagres que escapan á comprensión ou que agochan ritos de curación que forman parte da nosa historia.

Fernández brinda a posibilidade de coñecer estes sitios a través das páxinas do libro ou collendo o coche para visítalos en persoa. Para iso, inclúe unha descrición de como chegar, así como os datos para localizalos co GPS.

O escritor admite que lle sorprendeu descubrir "que aínda sigan en vixencia estes ritos", así como a gran variedade de crenzas diferentes que existen na comunidade, "a maioría relacionadas con cultos pagáns".

## VISITANTES DE FÓRA

É máis, é tanta a fama destas prácticas que mesmo Galicia recibe xente chegada doutros puntos de España para cumprir os ritos e obter o seu suposto beneficio, como confirman os veciños.

¿Tes mal de amores e buscas respostas? ¿Unha doenza a curar? ¿Precisas falar con alguén que partiu ao máis aló? A Galicia máxica ten lugares que, segundo os mitos, ofrecen solución a todo tipo de problemas. *LV. De Luns a Venres* presenta aquí unha selección para ir abrindo boca. Crer ou non crer, esa é a cuestión.



### Ritos de fertilidade na Lanzada, Tui e Fisterra

A maiores da Lanzada, un clásico entre os ritos de fertilidade –a parella debe consumir o acto na praia e a muller darse un baño no que 9 ondas bendigan o seu ventre–, as crenzas lévannos a outros lares. Como unha pedra en Fisterra ou un poste romano en Tui nos que se deben deitar os amantes para ter a ansiada descendencia.



### Un santo en Outes con poder contra o meigallo

Aqueles que cren estar baixo o efecto dun meigallo adoitan dirixirse á Serra de Outes (A Coruña), onde o mártir San Campio rompe o feitozo con só dar a vítima 9 voltas ao redor do cruceiro da igrexa na que repousa. A lenda conta que os bois se negaban a traelo a Galicia e hoxe, os veciños sosteñen que lle medran as barbas.



### Cerdedo: a entrada ao mundo dos mortos

No monte do Seixo, olimpo celta en Cerdedo, está Portalén, un conxunto de pedras no que, segundo a tradición, se atravesa a barreira que separa o mundo dos vivos do dos mortos. "A xente vai alí a comunicarse cos falecidos", di Fernández. Iso si, antes deben ofrecerlle un anaco de pan, un pouco de viño e unha vela acendida.



### Unha tumba milagrosa que cura males da pel

Dos centos de fontes ás que se lles atribúen propiedades curativas destaca a milagrosa tumba sen nome da capela de Xestosa, no concello pontevedrés de Covelo. Din que pertenceu a un santo e sempre está chea de auga. O rito de curación consiste en mollar unha miga de pan na auga e limpar con ela a pel enferma (ideal para verrugas).



### Ponteareas: un oráculo para os namorados

En Arcos hai un conxunto de pedras que garda unha lenda histórica dun amor imposible e que se usa como oráculo para saber se un amor é correspondido ou prever unha voda. O ritual consiste en tirar unha pedra de costas á enorme roca ao tempo que se fai a pregunta. Se cae ao chan a reposta é negativa; se cae enriba dela, hai amor seguro.



### Á pedra de Muxía para curar os males renais

A todas as rocas do santuario de Nosa Señora da Barca se lle atribúen curiosas propiedades. É o caso da pedra dos cadris, que se cre que permite sanar males renais. É un dos ritos máis populares de cantos se realizan en Muxía e consiste en pasar repetidamente por debaixo da roca ou estar un tempo debaixo dela.

## >firmasLV



**PIPO  
ARRIBÉ**  
FILÓLOGO E  
HUMORISTA

## REFRÁNS

Dicía hai uns días o candidato Alfredo Pérez Rubalcaba cando falaba das derrotas de Mariano Rajoy que "non hai dous sen tres", ao que o candidato popular podería ter respondido "á terceira vai a vencida". Esta é unha boa mostra da extraordinaria riqueza do refraneiro e a fraseoloxía, que vale para unha cousa e a súa contraria, porque sempre hai un refrán ou frase feita que se axusta ás nosas necesidades.

Este tipo de expresións traducen o xeito de cada pobo a través dun dos seus elementos diferenciadores: a lingua. O galego non podía ser menos, é unha lingua rica e diversa e amosa esta riqueza sorprendente con xiros propios xa consolidados ao longo dos anos e incluso dos séculos. Este é o caso da expresión "tarde piaches", tan expresiva, tan reveladora, e que xa foi usada no s. XVII por Cervantes no seu Don Quixote. Seguramente fose porque era a que mellor encaixaba nunha situación na que xa non se podía recuar, por iso "tarde piaches".

Moitos son os refráns e expresións que me veñen á cabeza neste intre e que mostran a forma de ser dos galegos, con esa retranscra tan nosa. Así, para rematar, déixovos este refrán que dá moito no que pensar e que di: "Mentres o pau vai e vén descansa o lombo". ¡Toda unha filosofía de vida nestas palabras!



## ESCUELA DE FÚTBOL Y PORTEROS

FUNDACIÓN CELTA DE VIGO

de Octubre a Junio

para niñ@s entre 4 y 14 años

para niñ@s entre 7 y 16 años

informate en el 902 104 404 o [info@fundacioncelta.com](mailto:info@fundacioncelta.com)